



O día 25 de abril de 2005 reúnese ás 11 horas na sala de comisións nº 2 do Reitorado a comisión encargada da resolución dos I Contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC coa asistencia dos seguintes membros:

Manuel Peralbo Uzquiano

Concepción Herrero López

Anxo Calvo Silvosa

O resto dos membros da comisión excusan a súa asistencia.

Iniciada a reunión acórdanse os seguintes criterios para proceder á resolución do concurso:

- 1.- Cumprimento dos requisitos da convocatoria
- 2.- Acórdase dividir o orzamento de 400.000 euros do seguinte xeito:
  - a) Convocatoria de Facultades e Escolas: 204.000 euros
  - b) Convocatoria de Departamentos e Institutos: 100.000
  - c) Convocatoria de Servizos: 20580
  - d) Convocatoria de Profesorado: 75.000
- 3.- No caso das Facultades e Escolas acórdase conceder a todas as que cumpran os requisitos unha Persoa Responsable de Calidade e Convergencia e unha cantidade igual para cada unha, que será resultado de dividir 204.000 euros entre os Centros solicitantes.
- 4.- Para a resolución da convocatoria de Departamentos e Institutos a comisión acorda puntuar os obxectivos propostos por cada un segundo a seguinte escala:
  - a) Doutoramento de Calidade (consecución ou mantemento): 3 puntos
  - b) Aumento no número de teses: 5 puntos
  - c) Mellora no impacto das publicacións: 5 puntos
  - d) Aumento do número de proxectos: 5 puntos
  - e) outros: 1 punto
- 5.- Fíxase un mínimo de 2.000 euros para cada Servicio solicitante de Contrato/ Programa, distribuíndose o resto da axuda en función do interese dos obxectivos formulados e da súa complexidade.
- 6.- No caso dos proxectos presentados polo profesorado a Comisión acorda conceder as axudas por cada materia obxecto de innovación, distribuíndo polo tanto os 75.000 euros dispoñibles entre as 111 materias que constitúen a totalidade das implicadas. Corresponde a cada materia, polo tanto, unha cantidade de 675 euros. Para cada profesor ou profesora solicitante esta cantidade multiplícase polo número de materias solicitadas. Non se terán en conta as materias duplicadas.
- 7.- Na convocatoria dirixida ao PAS terase en conta que o proxecto ofertado coincida cos obxectivos da convocatoria. A partir de aí a Comisión acorda outorgar unha cantidade fixa por proxecto presentado, tendo en conta o número de participantes en cada proxecto. A distribución farase polo tanto do seguinte xeito:

| <b>Nº de Participantes</b> | <b>Cantidade concedida ao proxecto</b> | <b>Cantidade que corresponde a cada participante</b> |
|----------------------------|----------------------------------------|------------------------------------------------------|
| 1                          | 1.300                                  | 1.300                                                |
| 2                          | 2.400                                  | 1.200                                                |
| 3                          | 3.300                                  | 1.100                                                |
| 4                          | 4.200                                  | 1.050                                                |
| 5                          | 5.000                                  | 1.000                                                |

A Comisión acorda facer chegar aos solicitantes as observacións feitas á súa proposta pola Unidade Técnica de Calidade co fin de que as teñan e conta no desenvolvemento do seu programa.

No suposto de que algún solicitante desexe retirar a súa proposta de Contrato/ Programa unha vez coñecida a financiación que recibira, pode facelo no prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a esta resolución. No caso de non se recibir na Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea ningunha comunicación de NON ACEPTACIÓN, elevarase a definitiva esta proposta e procederase a convocar aos solicitantes para a firma do Contrato/ Programa.

A Coruña a 25 de abril de 2005

Manuel Peralbo Uzquiano